

Relación de documentos que achegan coa solicitude que deberán estar debidamente compulsados (disposición sexta, parágrafo 3º):

Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito a que se refire a alínea a) da base segunda.

Fotocopia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo ou indefinido.

Fotocopia da resolución que recoñeza a situación de promoción interna temporal.

Fotocopia do título exixible para o desempeño da categoría de pertenza.

Fotocopia do título exixible para o desempeño de distinta categoría á de pertenza.

Certificado de servizos prestados ou documento que acredite a antigüidade da persoa interesada e anexo II, do Real decreto 1181/1989.

Fotocopia da resolución pola que se estime a suspensión do contrato de traballo e se determine a súa causa, de ser o caso.

No caso do persoal que exerza funcións ou desempeño de postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade achegarase copia da designación realizada pola xerencia.

Informe sobre funcións realizadas no desempeño do posto de traballo.

Outra documentación.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 16 de agosto de 2007 pola que se convocan nove cursos de segundo nivel de accidentes en estrada.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2007, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria de 9 cursos de accidentes en estrada, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Dotar o persoal voluntario de protección civil dunha formación teórico-práctica que lle facilite a realización das tarefas que teña encomendadas, adquirindo

unha especialización na prevención e na intervención nos accidentes de circulación.

Segunda.-Destinatarios.

Os cursos van dirixidos aos membros das agrupacións de voluntarios de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia que previamente superasen o curso básico.

Terceira.-Desenvolvemento.

1. Prazas: o número de prazas ofertadas para cada curso é de 30.

2. Duración, data e lugar: os cursos terán lugar durante o segundo semestre do ano 2007 e cunha duración de 34 horas lectivas.

As datas e lugares quedan por determinar en función do número e localización de solicitudes.

Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos participantes é gratuíta.

2. O persoal que desexe participar nestes cursos deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 7 de setembro de 2007.

4. As instancias deberán vir asinadas polo presidente/a da agrupación e seladas por este/a, e no caso de haber máis dunha solicitude da mesma agrupación, relacionalas por orde de preferencia. Este será requisito indispensable para ser admitido ao curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo á sede do Academia Galega de Seguridade Pública: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou por fax ao 986 59 09 88 ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os interesados/as poden facer uso do modelo de solicitude que aparece na páxina web <http://agasp.xunta.es>.

Quinta.-Contido.

O contido dos cursos de 2º nivel sobre accidentes en estrada divídese en tres partes:

a) Introducción. Conceptos xerais.

b) Primeiros auxilios.

c) Accidentes de vehículos. Mercadorías perigosas. Excarceración.

Sexta.-Relación de admitidos.

A relación de participantes admitidos para a realización do curso exporase no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade Pública, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación suficiente á celebración do curso.

Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 02 46 ou consultando a páxina web <http://agasp.xunta.es>.

Sétima.-Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, en máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

Oitava.-Certificado de aproveitamento.

Ao remate dos cursos entregaráselles un certificado de asistencia e aproveitamento a aquelas persoas que

acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos prácticos.

Novena.-Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 16 de agosto de 2007.

P.A. (Decreto 23/1993, do 11 de febreiro)
 Montserrat Bolívar Chinchilla
 Secretaria xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

| | | |
|---|---|--|
| Curso/Actividade CURSO: accidentes en estrada Número curso: Lugar: Datos: | DATOS DO SOLICITANTE NIF: _____ Nome: _____ Apelidos: _____ Data de nacemento: _____ | Enderezo particular Rúa: _____ Concello: _____ Provincia: _____ Código postal: _____ Teléfono: _____ Fax: _____ Enderezo de correo electrónico: _____ |
| Datos profesionais Corpo de pertenza: _____ Grupo de titulación: _____ Clase: _____ Ano de ingreso no corpo: _____ | Situación administrativa: _____ Entidade: _____ | Declaro pola miña honra seren certos todos os datos que figuran nesta solicitude. _____ / _____ / _____ (Sinatura do/a solicitante) |
| INFORME DO/A XEFE/A DO CADRO DE PERSOAL OU PERSOAL RESPONSABLE Vista a solicitude formulada polo/a interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado. _____ / _____ / _____ (Sinatura e selo da entidade) | | |

Director xeral
 Academia Galega de Seguridade Pública
 Avda. da Cultura, s/n. 36680 A Estrada - Pontevedra

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 17 de xullo de 2007 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas para o Programa Emprendedores.

Mediante Resolución do 1 de marzo de 2006 publícanse as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o Programa Emprendedores (DOG nº 49, do 10 de marzo de 2006). As mencionadas bases teñen como obxectivo prioritario fomentar a aparición de empresas promovidas por

novos emprendedores e de novas iniciativas empresariais de carácter innovador.

Na súa base 15 establecen que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas ao abeiro das ditas bases.

Estas axudas serán financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias 01.02.E1/10/01.651800 e 01.02.E1/10/01.656700 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Darlle publicidade á relación de beneficiarios, que figura como anexo, das axudas concedidas ao